

BASES CONCURSO “AIRIÑOS DE ROCK&ROLL”

PARTICIPANTES

Poderán participar todos os grupos musicais formados por mocidade galega ou que residan en Galicia, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos de idade cumpridos no ano 2011. Admitirase que ata un 25% dos compoñentes do grupo supere os 30 anos ou teñan entre 14 e 16 anos.

Os músicos menores de 18 anos deberán achegar autorización paterna.

Os músicos non poderán aparecer en máis dun grupo dos que participen no encontro.

CONDICIÓNS XERAIS

Os grupos que desexen participar deberán presentar :

a) A maqueta ou a gravación en directo debidamente identificada, co pseudónimo e título, e gravada polos compoñentes inscritos, con dous temas de creación propia, que serán os que avaliará a comisión de selección, e cunha duración máxima de 15 minutos en total.

b) O boletín de inscrición debidamente cuberto.

- A ficha técnica na que se detalle o título, duración e autoría dos temas presentados, seguindo a orde presentada na gravación.

- A relación nominal dos/as compoñentes do grupo, coa indicación da idade e do instrumento que tocan, así como todos os datos persoais requiridos na ficha anexa (teléfono, etc.)

- O certificado de empadramento de que, polo menos, un terzo dos seus compoñentes residen en Galicia.

- As necesidades técnicas (rider indicando o backline que utilizará o grupo.)

- Unha breve biografía do grupo.

- Unha fotografía recente do grupo.

- As letras dos temas incluídos na maqueta.

- A declaración responsable acreditativa de que o participante dispón dun repertorio dun mínimo de 30 minutos.

Toda esta documentación en soporte papel presentarase tamén en CD.

INSCRICIÓNS

A inscrición neste concurso realizarase no modelo normalizado que se facilita na páxina www.xuventude.net no apartado **de AIRIÑOS DE ROCK&ROLL**.

O prazo de inscrición abrirase o 18 de xaneiro e a recepción de inscricións rematará o día 18 de febreiro de 2011.

DESENVOLVEMENTO

- Preselección

Mediante a audición das maquetas admitidas, o xurado, designado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, seleccionará aos grupos que accederán á fase de actuación en directo no encontro que se levará a cabo o día 26 de marzo de 2011 no Coliseum da Coruña.

Publicarase unha listaxe cos grupos seleccionados a partir do día 25 de febreiro na web www.xuventude.net, no apartado **de AIRIÑOS DE ROCK&ROLL**.

A actuación de cada unha das formacións seleccionadas para o encontro de grupos terá unha duración máxima duns 5 minutos aproximadamente e tocarán un único tema por banda.

Accederán 3 grupos por provincia á fase de concerto. Do encontro dos 12 grupos participantes que tocarán ese día, dous deles elixiranse para actuar como *teloneros* de O´FUNK´ILLO e DEF CON DOS ao finalizar o encontro (ás 22:00 h). A selección farase mediante un sistema de votación entre os propios grupos participantes no evento, e no caso de haber un empate, haberá un xurado que decidirá cales serán os dous grupos que tocarán na pista central do Coliseum.

Aos grupos que accedan a fase de concerto en directo, a organización do concurso facilitaralles o *backline* (amplificadores de guitarra e baixo, e batería), o equipo de son, o escenario e o equipo de iluminación. Non se farán probas de son de cada un dos grupos en particular, pois previamente á chegada destes xa estarán probados os amplificadores, microfonía e batería, cunha mestura xenérica dos envíos de monitores; simplemente farase un recoñecemento rápido nos 5 minutos previos á actuación de cada grupo.

DISTINCIÓNS/PREMIOS

Dous dos grupos participantes elixiranse como *teloneros* de O´FUNK´ILLO e DEF CON DOS para actuar ao finalizar o encontro (ás 22:00 h). A selección farase mediante un sistema de selección por votación entre os propios grupos participantes no evento.

XURADO

Haberá un xurado nomeado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado que decidirá en caso de empate.

OUTROS

- Nas necesidades técnicas das formacións no se admitirán, por motivos de organización e loxística, o set de percusión.

- Os grupos participantes **estarán obrigados a desprazarse nos autobuses contratados pola organización** desde as súas localidades ata o Coliseum da Coruña. Non poderán participar no encontro aqueles que queiran asistir o evento nos seus vehículos particulares.

- Todas as formacións participantes deberán seguir en todo momento as instrucións da organización para o bo desenvolvemento dos concertos. Respectaranse os tempos de que disporá cada banda para a súa actuación. De non cumprir as indicacións do *stage manager*, serán penalizados.

-A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

- Ao final do encontro haberá unha *Master Class* impartida polo músico PEPE BAO.

Os grupos que non sexan seleccionados e queiran acceder á pista central do Coliseum para ver o concerto de DEF CON DOS e O´FUNK´ILLO, poderán facer unha solicitude a través do correo electrónico encontrodemusicos@mundo-r.com ata esgotar as prazas libres indicando o nome do grupo, o lugar de procedencia e onde reside a formación musical, os seus nomes e os números de teléfono móbil, así como o correo electrónico de cada un, especificando o número de compoñentes que desexan asistir. Deberán viaxar coas formacións clasificadas nos buses dispostos pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, onde se entregarán as invitacións.

BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Na páxina web www.xuventude.net, no apartado de **AIRIÑOS DE ROCK&ROLL**.

As solicitudes enviaranse, xunto co resto da documentación, ao seguinte enderezo:

AIRIÑOS DE ROCK&ROLL
XUVENTUEMUSICA
Apartado de correos 1398
A Coruña